

## A II REPÚBLICA.

### 1. A INSTAURACIÓN DA II REPÚBLICA.

Trala dimisión en xaneiro de 1930 de Primo de Rivera comezaba a *ditabranda* do xeneral Dámaso Berenguer a quen o rei encargoulle a restauración dun sistema parlamentario baseado de novo no sistema constitucional de 1876. O novo goberno permitiu a volta de catedráticos no exilio como Unamuno e tomou medidas para dismantelar o sistema da ditadura, desaparecendo a Asamblea Nacional, a Unión Patriótica e dando permiso á existencia de partidos políticos. Pero as tensións sociais aumentaron e antigos ministros da monarquía, como Alcalá Zamora, adheríronse á República. Alfonso XIII perdera os apoios de moitos membros da oligarquía turnista por apoiar o pronunciamento de Primo de Rivera e tamén de moita parte do exército por permitir a disolución da arma de Artillería e aceptar a dimisión de Primo de Rivera. A difícil situación económica derivada da crise do 29 contribuíu a aumentar o descontento. Destacan tamén os pronunciamentos a favor da República como o de Fermín Galán en Jaca e o de Queipo de Llano en Cuatro Vientos que fracasan.

No 1930 a unión de forzas antimonárquicas concretouse no Pacto de San Sebastián, no que non estaban nin o Partido Comunista Español (PCE) nin o PSOE. Decidiron constituír un Comité Revolucionario con Alcalá Zamora como presidente, co obxectivo de derrubar a monarquía. Ante a incapacidade de Berenguer o rei nomea a Juan Bautista Aznar, almirante de Marina, encargándolle a tarefa de convocar eleccións para restaurar o sistema liberal anterior a ditadura. A tal efecto convoca eleccións municipais como paso previo á convocatoria de eleccións xerais. As candidaturas do Pacto de San Sebastián concorren unidas ás eleccións municipais e as plantexan coma un plebiscito a favor da república. O resultado destas eleccións foi un empate entre as candidaturas monárquicas e republicanas pero cunha clara vitoria nos núcleos urbanos destes últimos, gañando os monárquicos nos concellos rurais onde a presenza e manipulación caciquil era aínda moi importante. Os monárquicos polo tanto interpretaron os resultados coma unha total derrota e o Comité dá un ultimátum o rei que abdica ese mesmo día.

A II República polo tanto proclamouse o 14 de abril de 1931, como unha reacción de euforia dos antimonárquicos (asinantes do Pacto de San Sebastián de 1930), ante o triunfo dos seus candidatos a alcaldes nas grandes cidades. A decisión de Alfonso XIII de autoexiliarse por falta de apoios, afirmou o fervor prorrepblicano e provocou un baleiro de poder. Para cubrir o baleiro de poder proclamouse un goberno provisional, composto polos dirixentes dos grupos asinantes do Pacto de San Sebastián, dirixido por Niceto Alcalá Zamora. Este goberno provisional tivo que facer fronte a certas tarefas urxentes:

- Negociar a renuncia dos nacionalistas cataláns, dirixidos por Francesc Macià, a declarar o estado catalán a cal logran a cambio dunha oferta rápida de tramitar un Estatuto de autonomía.
- Frear as actitudes intransixentes do clero (actitudes antirrepúblicas do arcebispo de Toledo, Cardeal Segura o cal é expulsado) e dos anticlericais (queima de conventos).
- Convocar unhas eleccións a cortes constituíntes, que posibiliten escoller un goberno democrático e iniciar a elaboración dun texto constitucional. As eleccións deron a maioría ós grupos pro-reformistas dos partidos centristas republicanos e PSOE. Como presidente do goberno os parlamentarios escollen a Niceto Alcalá Zamora (Derecha Liberal Republicana) Os deputados aproban o 9/12/31 un novo texto constitucional: A **Constitución de 1931** definía a España como un estado democrático, laico, cun presidente de República, un goberno responsable ante o Congreso, sufraxio universal total (destacan os enfrontamentos entre Clara Campoamor e Victoria Kent a favor e en contra respectivamente), unha estrutura do territorio unitaria con posibilidade de estatutos de autonomía. Os debates constitucionais foron duros na cuestión da separación dos intereses da Igrexa e Estado, incluso chegaron a dimitir certos ministros e o presidente do goberno Niceto Alcalá Zamora. Este foi substituído polo Ministro de guerra Manuel Azaña (Izquierda Republicana) Trala aprobación do texto constitucional o

Congreso reafirma a Manuel Azaña como presidente de goberno e nomea a Niceto Alcalá Zamora, Presidente da República.

Durante o período republicano podemos distinguir tres momentos distintos:

- **Bienio reformista** (1931-1933)
- **Bienio anti-reformista** (1934-1936).
- **Trienio de dobre poder: goberno republicano da Fronte Popular / Goberno dos sublevados** (1936-1939).

## 2. O GOBERNO DO BIENIO REFORMISTA OU DE ESQUERDAS (1931-1933).

### 2.1. O PROGRAMA DE REFORMAS

O goberno de Manuel Azaña planeou un amplo programa de reformas co obxectivo de rexenerar a estrutura social, política e económica de España. Entre esas reformas<sup>1</sup> destacamos:

- **A reforma educativa e do clero.** Os gobernantes tomaron a decisión de apostar por secularizar a vida social anulando o Concordato de 1851 o que supón afirmar a non confesionalidade do estado, aprobar a liberdade de cultos, o divorcio e o matrimonio civil. No plano educativo apostaron por modernizar os métodos pedagóxicos e por formar profesores laicos: decidiron disolver a orde dos xesuítas; prohibir ás congregacións relixiosas realizar actividades de ensino; limitarlle a posesión de bens ás ordes relixiosas; investir en preparar profesores e construír numerosas escolas primarias para alfabetizar á poboación (todo isto en relación coa liña pedagóxica de Giner de los Ríos ou Ferrer i Guardia; destaca tamén o compromiso de *La Barraca* de Lorca pola difusión da cultura) Estas reformas provocaron a crispación do clero.
- **A reforma militar.** Manuel Azaña, antes ministro de guerra, puxo un especial empeño en modernizar o exército, xa que debido a anterior etapa de Primo de Rivera na que se promocionaron os ascensos por méritos e por antigüidade a estrutura adoeceía dunha macrocefalia excesiva facéndoa inoperante e terriblemente cara, ofrecendo ós mandos a xubilación anticipada con soldo íntegro; diminuindo a amplitude da xurisdición militar (recortan a Lei de xurisdición de 1906); suprimindo a Academia de Formación de oficiais de Zaragoza (para non favorecer o incremento de novos oficiais). Por temor, o goberno non se atreveu a suprimir a Garda Civil e para realizar funcións de policía urbana e protectora da República, preferiu crear os Gardas de Asalto. Esta reforma provocou a crispación de moitos sectores do exército, sobre todo ós africanistas.
- **A reforma agraria.** O goberno decidiu retomar, de xeito definitivo, as pretensións ilustradas do século XVIII de tratar de resolver os graves problemas do campo español, que non lograran abordar os liberais cos seus procesos desamortizadores. Para tratar de lograr unha distribución máis xusta da propiedade e mellorar os rendementos agrícolas presentou unha proposta de Lei Agraria no Congreso: mentres os congresistas de dereitas trataban de ralentizar as discusións, para atrasar a aprobación da Lei, e os xornaleiros e arrendatarios esixían o reparto inmediato de terras e unha rebaixa nos arrendamentos (con ocupacións de fincas). Os latifundistas, co apoio do clero, estaban a aliarse para convencer ós militares de impedir as reformas cun golpe de estado. O fracaso do golpe de estado do xeneral Sanjurjo (encarcerado e despois deportado a Portugal), en agosto de 1932, permitiu a Manuel Azaña axilizar as discusións no Congreso e aprobar a Lei de Reforma Agraria, que recollía un complexo sistema de expropiación de fincas con ou sen indemnización. As dificultades do goberno para dispoñer de fondos destinados a pagar indemnizacións(expropiáronse moitas menos terras das previstas) e as presións dos latifundistas afectados para intentar atrasar o proceso expropiatorio, desesperaban ós centos de

---

<sup>1</sup> É de suma importancia a contextualización política e económica do período republicano destacando ás dificultades económicas polas que atravesaba como herdanza da desastrosa política económica primoriverista e polas condicións internacionais da Gran depresión que farán que o Estado apenas dispoña de fondos para levar a cabo de maneira rápida e efectiva as reformas proxectadas. Da mesma maneira hai que contextualizada dentro do período de entreguerras e o auxe dos fascismos e o desprestixio dos rexímenes liberais parlamentarios que condicionaron totalmente o seu desenvolvemento.

milleiros de xornaleiros e arrendatarios, que se sentían desenganados co goberno e dispostos a aceptar calquera proposta da CNT e UXT de acelerar o proceso.

- **A reforma da estrutura territorial do estado** (Estado integral). M. Azaña necesitaba, con urxencia, convencer ós deputados do Congreso da importancia de abandonar a concepción centralista do estado, por un modelo de estado que puidese ser unitario e ó mesmo tempo integrar espazos autónomos posto que en 1931, o goberno provisional, negociara cos nacionalistas cataláns a súa renuncia a declararse independentes a cambio da rápida aprobación dun estatuto de autonomía para Cataluña.

A Constitución de 1931 definía a España como un estado integral, pero recoñecía o dereito a solicitar a aprobación do Estatuto de Autonomía:

Os cataláns lograrán obter o seu estatuto en 1932 (anulado durante o bienio antireformista e repostado polo goberno do Fronte Popular).

Os vascos tardan en obter o seu estatuto, pois o que propoñen inicialmente o PNV e os carlistas non foi aceptado por antirrepublicano (en 1936 o PNV logrará a aprobación dunha nova proposta).

Os galegos tardan moitísimo en elaborar o seu Estatuto e cando os deputados do Partido Galeguista o presentan en 1936 non chega a ser confirmado polas Cortes polo inicio da Guerra Civil (co goberno da Fronte Popular)...

Esta reforma molestou ós centralistas. Os estatutos de autonomía desaparecerán co modelo de estado hipercentralista do período franquista e volverán a negociarse e aprobarse co Estado das Autonomías recollido na Constitución de 1978.

- **As reformas sociais.** O socialista Largo Caballero, ministro de traballo, tratou de mellorar a situación dos obreiros fomentando reformas nas negociacións dos contratos de traballo decretando seguros sociais, favorecendo a actividade dos sindicatos. Estas reformas non chegaron a contentar ós obreiros e xornaleiros, pero molestaron moito ós empresarios e terratenentes.

## 2.2 AS DIFICULTADES DO GOBERNO DO BIENIO REFORMISTA.

A II República xorde nun contexto internacional dominado polos efectos da grande crise económica de 1929 e polo desprestixio dos sistemas liberal parlamentarios (auxe dos totalitarismos (fascismo, nazismo, stalinismo), socialismo e do anarquismo). Polo tanto o goberno terá serias dificultades para levar adiante o programa de reformas debido a que:

- O paro crecía de xeito espectacular e as empresas pechaban por falta de mercados e créditos e ademais os emigrantes non podían saír ou regresaban a España.
- Os empresarios, terratenentes e financeiros acusaban ó goberno de ser o culpable das dificultades económicas coa súa política de reformas e consideraban que beneficiaba en exceso a obreiros e xornaleiros. Esixían orde e protección para os seus intereses e pensaban incluso nunha opción fascista.
- Os obreiros e xornaleiros, dirixidos pola UXT e CNT, consideraban que as reformas eran moi escasas, lentas e inútiles para frear o paro. Protestaban con folgas, manifestacións, ocupacións de fincas e pensaban que era mellor provocar a revolución que esperar por unhas reformas liberais-burguesas inútiles. A matanza de xornaleiros anarquistas no pobo de **Casas Viejas** (12/01/1933), levada a cabo por Gardas de Asalto para defender ós gardas civís asediados nun cuartel, non convenceu ós empresarios e terratenentes, dividiu ós políticos dos grupos que apoiaban ó goberno e radicalizou a postura revolucionaria da CNT e UXT retirándolle o apoio á coalición reformista.
- Os católicos conservadores, tras lograr unificarse na Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA), en 1933, liderados por José María Gil Robles, empezaron unha campaña de acoso ó goberno acusándoo de levar adiante reformas anticlericais.
- Os monárquicos afonsinos, os monárquicos carlistas e os fascistas da Falanxe, fundada e dirixida por José Antonio Primo de Rivera, alíanse nunha aposta pola violencia e na estratexia de provocar nos militares a necesidade de organizar un golpe de estado, para salvar a España do

caos provocado polos gobernantes liberais-demócratas e para evitar unha revolución marxista ou anarquista.

Ante os enormes conflitos sociais, as tensións políticas e a división interna entre os grupos que apoiaban o goberno de Manuel Azaña (os socialistas non estaban dispostos a apoiar un goberno lento nas reformas e rápido para reprimir ós campeciños descontentos) O presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, en setembro de 1933 destitúe a Manuel Azaña, dissolve as cortes e convoca novas eleccións para fins de 1933.

### **3. OS GOBERNOS DO BIENIO ANTI-REFORMISTA OU DE DEREITAS (1933-1935).**

#### **3.1. O PROGRAMA ANTIRREFORMISTA.**

Nas eleccións de novembro de 1933 os grupos políticos de centro-esquerda sufriron un fracaso, debido ó descontento coas reformas, a división entre os grupos de esquerdas, o abstencionismo dos anarquistas e a inclinación do voto feminino; os grupos de centro (Partido Republicano Radical, de Lerroux) e de dereita (CEDA, de José María Gil Robles) alcanzaron unha ampla maioría, favorecidos polo desgaste do goberno reformista, pola unidade dos católicos e polo sufraxio universal total (o voto feminino, influído polo clero favoreceu ós antirreformistas).

O presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, preferiu marxinar á CEDA, que era o grupo máis votado, e elixiu a Lerroux como presidente do goberno, co obxectivo de evitar un cambio demasiado brusco na orientación política da República. A CEDA, en principio, limitouse a apoiar ós gobernos de Lerroux. Os gobernos do Partido Radical levaron a cabo unha política antirreformista de suspender ou anular as distintas reformas:

- Frearon a reforma social, favorecendo ós empresarios e terratenentes (coa liberdade total de contratación producíronse rebaixas de salarios e xornais).
- Concederon ó clero a recuperación da actividade docente e diñeiro público para financiarse.
- Mantiveron a reforma militar, pero perdoaron e promoveron ós militares sancionados polo goberno de Manuel Azaña.
- Mantiveron a reforma educativa, pero decretando unha redución forte nos investimentos en educación.
- Suspenderon a concesión de estatutos de autonomía e enfrontáronse co goberno autonómico da Generalitat de Cataluña..
- Paralizaron a reforma agraria, favorecendo ós terratenentes.

#### **3.2. AS DIFICULTADES DOS GOBERNOS ANTIRREFORMISTAS.**

Ante a actitude dos gobernos de Lerroux creceron o descontento e as protestas nas rúas, a UXT e a CNT planearon folgas de obreiros e mobilizacións de xornaleiros e nacionalistas cataláns e vascos enfrontáronse as inxerencias centralistas do goberno. O malestar desbordouse en **outubro de 1934**, pois o feito de que Lerroux acabase por aceptar nomear a tres ministros da CEDA (baixo presións de retirarlle o apoio) foi considerado polos grupos reformistas como unha claudicación ante unha chantaxe: PSOE e UXT declararon unha folga xeral revolucionaria en Cataluña, País Vasco e Asturias os sucesos máis violentos de outubro de 1934 provocáronos:

- Os nacionalistas cataláns, que decidiron romper co goberno central e proclamar o Estado Catalán (dentro da República Federal Española) o goberno central reaccionou con forte represión (46 mortos e centos de encarcerados) e suspensión do Estatuto Catalán.
- Os mineiros asturianos, que lanzaron unha rebelión armada contra o goberno central (dominaron os pobos da zona mineira e Oviedo, facéndose co control das fábricas de armas e das casas-cuartel da Garda Civil), trataron de organizar unha nova administración, en base a comunas obreiras de orientación comunista. O goberno central, inicialmente, mostrouse incapaz de parar a revolta e acabou por recorrer ó asesoramento do xeneral Franco: este deseñou un ataque brutal contra os mineiros, levado a cabo polas tropas lexionarias trasladadas desde o norte de África.

O goberno, tras dominar a Revolución de Asturias, decidiu tomar represalias en toda España (encarcerando a trinta mil persoas acusándoas de dirixir ou participar nas protestas), devolverlle as propiedades ós xesuítas, plantexar a posibilidade de modificar a constitución...

Ó longo de 1935 os gobernos radical-cedistas sufriron o acoso dos monárquicos que reclamaban a reposición da Monarquía (afonsinos, carlistas), dos falanxistas (que, fascinados polo modelo fascista de Mussolini e Hitler, reclamaban máis dureza e recorte de liberdades) e da UXT, PCE e CNT (que acusando ós de opresores e traidores á democracia, toman a decisión de establecer unha Fronte Popular de partidos centristas e de esquerdas, co obxectivo de de permanecer unidos ante o acoso dos fascistas e de facerse co poder nas futuras eleccións).

O descubrimento de casos de subornos e de escándalos financeiros, que provocaron a dimisión de certos ministros do Partido radical, levou a Niceto Alcalá Zamora a cesar a Lerroux e para non ter que nomear a Gil Robles como presidente do goberno optou por segunda vez por disolver as cortes e convocar eleccións para febreiro de 1936.

#### **4. OS GOBERNOS DA FRONTE POPULAR.(1936-1939).**

##### **4.1. O TRIUNFO DA FRONTE POPULAR E O GOLPE DE ESTADO.**

Nas eleccións de febreiro de 1936 fracasaron o Partido Radical e a CEDA (prexudicados polas divisións) e triunfou a Fronte Popular (centristas reformistas, socialistas, comunistas, etc) por maioría absoluta.

O presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, chamou a formar goberno a Manuel Azaña, que se plantexou cumprir as promesas electorais:

- Amnistía total para os encarcerados pola revolta de 1934.
- Reposición nos seus postos de traballo dos funcionarios e traballadores despedidos por causas políticas.
- Apoio ós pequenos produtores e ós pequenos empresarios.
- Continuar a reforma agraria, acelerando as expropiacións e o asentamento de novos campesiños propietarios.
- Recuperar as reformas laborais favorables a obreiros e xornaleiros.
- Estender a reforma educativa.
- Retomar a cuestión autonómica restablecendo o estatuto catalán e favorecendo o proceso de aprobación do estatuto vasco e galego.
- Restaurar as medidas da reforma militar (acaba decretando o desterro do xeneral Mola a Pamplona, do xeneral Franco a Canarias para frear os rumores de golpe de estado).

O goberno de Manuel Azaña atopouse cunha crecente crispación social (atentados profascistas, queima de conventos e igrexas por anticlericais, folgas e ocupacións de terras dos obreiros e xornaleiros). Neste contexto o Congreso decidiu depoñer a Niceto Alcalá Zamora (pois a constitución de 1931 recoñecía ós deputados das cortes o dereito a depoñer ó presidente da República cando este tivera disolto as Cortes dúas veces ou máis, durante o seu mandato, se consideraban estas disolucións incorrectas ou precipitadas) e nomear como presidente da República a Manuel Azaña: o novo xefe de goberno, Casares Quiroga, non tivo capacidade para frear a situación revolucionaria levada a cabo pola CNT, nin para impedir os asasinatos dos pistoleiros falanxistas (asasinato do tenente Castillo, da Garda de Asalto) e a vinganza dos Gardas de Asalto (asasinato do líder de dereitas José Calvo Sotelo).

Desde o triunfo electoral da Fronte Popular en febreiro de 1936, certos grupo de militares, liderados por Sanjurjo- Mola - Franco, trataron de organizar un golpe de estado aproveitando este contexto de crispación e violencia...certos grupos políticos tamén fixeron os seus plans de insurrección contra o goberno republicano (os requetés, a Falanxe Española de las JONS). Pero entre os golpistas existían pretensións diverxentes:

- Mola defendía unha ditadura militar republicana.
- A CEDA pretendía a restauración da monarquía afonsina liberal.
- Os carlistas (requetés) defendían a restauración da monarquía tradicional ou absolutista.
- Os falanxistas apostaban por unha ditadura fascista.

O desconcerto do goberno ante a situación de crispación e a axuda da CEDA, os fascistas italianos e os nazis alemáns ós golpistas facilitou a organización dun golpe de Estado: o golpe de estado, que se inicia no norte de África o 17 de xullo de 1936, esténdese polo territorio peninsular o 18 de xullo

pero non logra o seu obxectivo de controlar Madrid e derrubar ó goberno. O fracaso do golpe de estado provoca que a situación derive nunha guerra civil.

#### **4.2. A EVOLUCIÓN POLÍTICA DA FRONTE POPULAR DURANTE A GUERRA.**

A sublevación militar do 18 de xullo de 1936 provocou:

- a) Por unha banda que os anarquistas da CNT-FAI (con certo apoio dos socialistas da UXT) aproveitásen para impoñer a creación de xuntas e a propiedade colectiva das fábricas e das terras en Cataluña, parte de Aragón, Valencia, A Mancha, Andalucía Oriental e Asturias ademais de actuar violentamente contra o clero (saqueos e incendios de igrexas e *paseos* ós eclesiásticos).
- b) Pola outra, unha grande desorientación entre os dirixentes da Fronte Popular, que atoparon dificultades para impoñer as súas decisións e entenderse nas Cortes (en menos de tres meses teñen catro presidentes de goberno: Santiago Casares Quiroga, Diego Martínez Barrios, José Giral, Francisco Largo Caballero).

Francisco Largo Caballero (PSOE) resultou ser o único dirixente capaz de controlar a situación. Para logralo procurou reducir tensións integrando no seu goberno a ministros de moitas tendencias (como centristas, nacionalistas vascos e cataláns, socialistas, comunistas e incluso anarquistas); trasladou o goberno de Madrid a Valencia para distancialo da fronte de batalla; iniciou un proceso de reformas políticas e militares (militarizou as milicias de voluntarios dos sindicatos e partidos para crear un exército regular); continuou a reforma agraria; nacionalizou industrias básicas e compañías ferroviarias; impuxo control estatal sobre os bancos, etc.

Pero xurdiron de novo as discrepancias e Largo Caballero tivo dificultades para controlar a situación destacando os enfrontamentos armados entre prorrepúblicanos en Barcelona ou **Crise de Maio de 1937**, entre:

- Os seguidores do PCE, comunistas, que consideraban a necesidade de crear un exército regular e que primeiro era preciso gañar a guerra e despois facer a revolución (defendían a necesidade de aliarse cos pequenos empresarios e campesiños, para lograr o máximo de apoio fronte ós sublevados, contaron co apoio da URSS e coa alianza dos socialistas).
- Os seguidores da CNT-FAI e do POUM, anarquistas e troskistas, que consideraban a necesidade de manter a autonomía das milicias de voluntarios e que era preciso tomar medidas revolucionarias se se quería gañar a guerra, defendían que gañar a guerra dependía da rapidez das colectivizacións de terras e de fábricas, posto que daría ós xornaleiros e obreiros algo polo que loitar.

Tras a crise de maio de 1937 Largo Caballero, rexeitado polos comunistas e incluso por parte dos socialistas, ten que dimitir. Os socialistas, liderados agora por Indalecio Prieto, e os comunistas, liderados por Santiago Carrillo e Dolores Ibarruri A Pasionaria, tratan de fortalecer á República pactando o nomeamento do socialista Juan Negrín como novo xefe de goberno: este toma a decisión de trasladar a sede do goberno de Valencia a Barcelona e plantexa (nun documento de trece puntos) a opción de **resistencia total** á espera do previsible inicio da II Guerra Mundial entre os estados profascistas e os estados prodemocráticos. Pero a marxinação violenta dos anarquistas e troskistas (polos militares comunistas), os fracasos militares no norte e no Ebro; a caída de Barcelona; a escaseza de alimentos e os enfrontamentos entre os partidarios de pactar con Franco unha rendición con condicións (Golpe do Tenente Casado e Besteiro) e os de manter a opción de resistencia ata o final determinaron que os republicanos acabarán por admitir unha derrota sen condicións e optar, en grande número, polo exilio.

#### **5. A EVOLUCIÓN POLÍTICA DO GOBERNO DOS SUBLEVADOS.**

A evolución política estivo marcada inicialmente por:

- A creación dunha Xunta de Defensa Nacional, que decretou a prohibición dos partidos políticos (só se aceptaba ós carlistas e se toleraba a CEDA), a paralización da Reforma Agraria (nas zonas controladas polo exército sublevado ou do Alzamento Nacional) e a persecución de todos os sospeitosos de ter colaborado coa República.

- A morte do xeneral Sanjurjo, xefe máximo da sublevación, cando pretendía regresar do exilio en Portugal o 20/9/36.
- A aposta dos sublevados por Franco, xefe das tropas lexionarias en Marrocos como xeneralísimo en xefe dunha *xunta técnica* de Defensa Nacional, a fins de 1936 debido a notoriedade de Franco entre as súas tropas trala liberación do Alcázar de Toledo así como o seu papel de mediador coa Alemaña Nazi e a Italia fascista
- A morte do xeneral Mola, director do golpe de estado e xefe dos sublevados do norte, á metade do 1937.

Franco á fronte do Alzamento ou Movemento Nacional, para fortalecer ós sublevados e ó seu propio papel de xefe único, tomou certas decisións claves como:

- Decretou a desaparición da Xunta de Defensa Nacional e estableceu unha *xunta técnica* do estado.
- Dar á sublevación un carácter nacionalista español, para atraerse ós monárquicos (*Viva España*).
- Introducir a idea de Cruzada contra os infieis, para atraer ó clero católico (*Viva o nacional catolicismo*).
- Decretar a unificación (**Decreto de unificación** 1937) de falanxistas e carlistas e facerse co control de Falanxe Española, aproveitando a morte de José Antonio Primo de Rivera. Impón para todos a camisa azul falanxista, a gorra vermella dos requetés carlistas e o saúdo de man en alto dos fascistas. Encarcerando ou fusilando ós desconformes para utilizala como partido único encargado da represión (*Viva Falange Española Tradicionalista y de las JONS*).
- Asumir todos os poderes, converténdose en xeneralísimo dos exércitos, xefe do partido único, xefe do Estado e xefe do goberno.
- Obter do clero católico o apoio público ós sublevados e a cualificación de Cruzada contra os infieis da guerra.
- Obrigar a permanecer no exilio (en Portugal) ó dirixente da CEDA, José María Gil Robles, ó xefe dos carlistas e ó fillo de Alfonso XIII, don Juan de Borbón, para contar co apoio dos seus partidarios sen estorbo para o seu liderado.

En 1938, polo tanto, desaparece a Xunta técnica do Estado e fórmase o primeiro goberno franquista baixo control total do Xeneralísimo Franco ou O Caudillo, que integrou a militares, falanxistas e tradicionalistas. Era un goberno a imitación dos fascistas italianos e dos nazis alemáns, que pasou a dirixir o Alzamento ou Movemento Nacional.

Os sublevados foron gobernando a base de decretos militares, entre as decisións ditadas destacan:

- A aprobación do Foro do Traballo imitando o fascismo italiano.
- A derogación da reforma agraria, militar, etc.
- A depuración de funcionarios, profesores, etc.
- A abolición das leis educativas, do sufraxio, do divorcio, etc.
- O restablecemento dos intereses do clero na educación e na cultura.
- O restablecemento da censura na imprenta, na prensa.
- a Lei de responsabilidades políticas, reguladora da persecución e represión dos acusados de ter estado relacionados con partidos e sindicatos de esquerda.
- Os gobernos sublevados mantiveron a unidade e a orde nos territorios controlados grazas ó liderado único (Franco), ó partido único (Falanxe) e ó férreo control ideolóxico (clero).

## A GUERRA CIVIL (1936-1939)

### 1. CARACTERÍSTICAS DA GUERRA.

O fracaso do intento de golpe de estado, do 18 de xullo de 1936, derivou nun conflito armado do que cabe destacar:

- O enfrontamento de dous bandos (bando dos sublevados ou de dereitas ou azuis e bando dos republicanos ou de esquerdas ou roxos) coincidentes coa división entre antirreformistas e reformistas.
- A partición inicial do territorio en dous espazos (o bando sublevado controla: Marrocos – Canarias, Galicia, Castela-León, Navarra, Estremadura, Andalucía e Mallorca. O bando republicano controla: Madrid – Castela A Mancha, Murcia, Comunidade Valenciana, Cataluña, Aragón e País Vasco- Cantabria-Asturias) moi similar ó mapa electoral das eleccións de febreiro de 1936.

- O equilibrio teórico de forzas militares (o bando sublevado tiña un maior control do exército e o bando republicano un control superior da Mariña e da Aviación). A guerra dependeu dos movementos terrestres, especialmente das tropas lexionarias, e da axuda exterior.
- O dominio de recursos económicos diverxentes (o bando sublevado controlaba as terras de economía agrícola e o bando republicano dominaba os espazos industriais aos que non chegaban materias primas debido ao pacto de non intervención). Durante a guerra resultou clave a falta de abastecemento de recursos alimentarios, que tiveron que sufrir as xentes das urbes industriais e a facilidade do exército sublevado para aprovisionarse cos recursos gandeiros de Galicia e os cereais de Castela-León.
- A sinatura dun pacto internacional de non intervención no conflito español (os países con sistemas democráticos, como Gran Bretaña ou Francia, mantivéronse neutrais e os países con sistemas totalitarios burlaron o pacto). Italia, Alemaña e Portugal prestaron apoio ós sublevados e a URSS e as Brigadas internacionais axudaron ó goberno republicano.
- A dispar fórmula de financiarse (o bando sublevado recorre ás compras a crédito do material de guerra, o bando republicano paga a axuda militar coas reservas de ouro do banco de España).
- A actitude de represión sobre a poboación civil (ambos bandos puxeron especial empeño na eliminación de todo disidente ou sospeitoso de pouco entusiasmo coa súa causa, practicando o terror dos paseos).
- O alto custe demográfico (mortos e exiliados) e económico (enorme destrución de recursos e grande depresión económica de posguerra).

## 2. FASES DA GUERRA.

Este conflito armado pasou por diversas fases:

- I. ***O Paso do estreito de Xibraltar e guerra de columnas (xullo/novembro 36)***. O goberno republicano, desorientado polo golpe de estado, non acertou a tomar decisións. Os sublevados apoiados pola mariña italiana e a aviación alemá, lograron trasladar á Península as tropas lexionarias dirixidas por Franco e optaron por incorporar tropas milicianas de membros de partidos e sindicatos pro-sublevados e aplicar a táctica de *guerra de columnas* co obxectivo de tomar Madrid: os sublevados realizaron avances rápidos cara o norleste de Andalucía (cambiando as autoridades e reprimindo ós pro-republicanos), pero o goberno republicano reaccionou e logrou impedir o avance das columnas sublevadas no Paso de Despeñaperros. Os sublevados optaron por avanzar polo Noroeste de Andalucía, a través das terras estremeñas (grande represión en Badaxoz) e toledanas (Franco obtén gran publicidade ó lograr libera ós sublevados asediados no Alcázar de Toledo). Finalmente esta táctica de columnas non logrará o seu obxectivo de tomar Madrid porque o goberno republicano tomou a decisión de decretar a mobilización xeral de militares e civís para defender Madrid (*Non pasarán*), isto foi posible grazas ó apoio da Brigada de voluntarios internacionais e da chegada da columna de anarcosindicalistas de Barcelona dirixidos por Durruti. Ante o asedio dos sublevados o presidente da República, Manuel Azaña, e o goberno decidiron trasladarse a Valencia.
- II. ***Os intentos de tomar Madrid e o control do Norte ((novembro 36 /outubro 37)***. O cerco ou sitio de Madrid impón un cambio de ritmo na guerra caracterizado por:
  - A decisión dos dous bandos de regularizar os exércitos, decretando a integración dos milicianos na disciplina militar (mentres o goberno republicano ó tratar de disolver as milicias anarquistas da CNT-FAI e troskistas do POUM provocou a crise de maio de 1937. O goberno dos sublevados logrou impoñer a militarización dos requetés carlistas e dos falanxistas co Decreto de Unificación de 1937.
  - As manobras envolventes dos sublevados para tratar de illar Madrid (na batalla do Jarama fracasarán as tropas de Franco e na batalla de Guadalajara fracasarán espectacularmente as tropas fascistas italianas de apoio a Franco).
  - O cambio estratéxico de Franco de desviar a atención cara ó norte (á espera de tomar Madrid os sublevados apostaron por facerse co control do País Vasco, Cantabria e Asturias, aproveitándose da desorganización dos mandos militares republicanos, do



pánico provocado polo bombardeo da cidade de Guernica realizado pola aviación alemá e as dúbidas do nacionalistas vascos do PNV entre manterse fieis á República ou pactar con Franco).

- As manobras dos pro-republicanos de tratar de distraer ás tropas sublevadas con intentos de romper o cerco de Madrid (ataques sobre Brunete e Belchite, que non logran desviar a atención das tropas sublevadas do seu obxectivo de controlar as terras do norte).

O fracaso no norte, a imposibilidade de romper o cerco en Madrid e o temor a un ataque dos sublevados cara ó Mediterráneo provocaron a decisión de Manuel Azaña e o goberno de trasladarse de Valencia a Barcelona.

- III. ***O avance cara ó Mediterráneo dos sublevados (1938)***. Ó longo de 1938 os dous bandos teñen a obsesión de que a clave da guerra está en fracturar o espazo do contrario: pero mentres os republicanos non chegan a poñerse de acordo sobre as posibilidades de éxito dun plan de ataque cara a Estremadura, para romper o espazo dos sublevados en norte/sur que pode poñer en perigo a defensa de Madrid. Os sublevados aceptan sen discrepancias a idea de Franco de desconectar Cataluña de Valencia e Madrid e, tras unha dura campaña de inverno para controlar Teruel (Batalla de Teruel) logran chegar ó Mediterráneo na primavera (Campaña de Aragón atravesando a Serra do Maestrazgo cara Castellón) e tratan de dominar a Comunidade Valenciana. Os republicanos responden plantexando unha contraofensiva no río Ebro (a batalla do Ebro resultou ser unha carnicería de catro meses, a confirmación do fracaso militar da República e a vía libre para que os sublevados inicien o control de Cataluña)
- IV. ***O control de Cataluña (xaneiro/febreiro 39)***. Os sublevados, tras lograr a victoria na batalla do Ebro, emprenderon unha rápida campaña militar sobre Cataluña, logrando o control de Cataluña e provocando o exilio a Francia de Manuel Azaña, o goberno e dunha enorme oleada de soldados e civís, a través dos Pirineos.
- V. ***A rendición de Madrid e fin da guerra(1/04/39)***. O socialista Juan Negrín, xefe do goberno republicano, regresa do exilio e pretende en alianza cos comunistas, que Madrid manteña a resistencia ata o final (Negrín mantén a esperanza de que un pronto inicio da II Guerra Mundial podería alterar as circunstancias e favorecer ó sistema democrático republicano) ... Manuel Azaña dimite como presidente da República ... Gran Bretaña e Francia optan por recoñecer ó goberno de Franco como oficial ... ante esta situación parte dos defensores de Madrid (dirixidos polo coronel Casado e o socialista Julián Besteiro) deciden sublevarse contra o goberno republicano de Juan Negrín e apostar por solicitar a Franco unha *paz honrosa* e a reconciliación dos dous bandos. Franco non acepta negociar condicións e impón a *Victoria* militar do Alzamento Nacional controlando Madrid.

### 3. CONSECUENCIAS DA GUERRA CIVIL.

A guerra provocou consecuencias na política interna e na política externa:

#### A) *Consecuencias na política interna:*

- A existencia dunha dualidade de gobernos durante o transcurso da guerra.
- A imposición dunha ditadura militar, ó remate da guerra, que facía desaparecer o sistema democrático e republicano, sen restaurar a monarquía. O réxime franquista fixo desaparecer todas as liberdades e empeñouse en impedir toda disidencia e en escarmentar ós vencidos non exiliados (A **Lei de Responsabilidades políticas** de 1939 facilitará encarcerar, internar en campos de concentración de traballos forzados ou executar a moitos españois, en 1945 permanecen no cárcere aínda 100.000 persoas).
- O fracaso do goberno republicano e a decisión do goberno franquista de abolir a Lei de Reforma Agraria, as Leis de melloras laborais e sociais, a reforma educativa, o dereito de sufraxio, a liberdade de divorcio, etc.
- A depuración de funcionarios da administración e do profesorado, especialmente dos mestres (fusilados, encarcerados ou despedidos polo goberno dos sublevados).
- O restablecemento dos privilexios da igrexa católica, ó impoñer os sublevados a ensinanza obrigatoria da relixión católica, a censura dos libros de texto, a eliminación da coeducación nas escolas e o control de grande parte do ensino polo clero. Impúxose un integrista católico ou nacional-catolicismo.
- A decadencia cultural e artística, provocada no patrimonio artístico, polos asaltos a igrexas e conventos e polos bombardeos sobre Madrid, e provocada na vida cultural polo exilio de máis do 90 % dos científicos, artistas e intelectuais e a brutal censura previa de todo tipo de publicación ou estrea artística.

#### B) *Consecuencias na política exterior:*

A guerra non só implicará o fracaso do goberno democrático da Fronte Popular en España, senón que ademais resultará un fracaso para Francia e Gran Bretaña (que defendían a neutralidade ou non intervención no conflito) e un fracaso para a URSS (que apoiou ós comunistas na estratexia de aliarse cos burgueses da Fronte Popular para derrotar ó fascismo, como fase previa á revolución socialista) e un éxito para Alemaña (Hitler), Italia (Mussolini) e Portugal (Salazar), que apostaron polos sublevados incluso saltando o Pacto de non intervención. Franco comprometeu a España cos réximes fascistas europeos e enfrontouna cos réximes democráticos.

Pero esta guerra tivo especiais consecuencias demográficas e económicas:

A) *Consecuencias demográficas:* A inicios da guerra producíronse certos movementos de poboación motivados polo intento de escapar á represión indiscriminada:

- No espazo controlado polo goberno republicano, os gobernantes foron incapaces de frear ós milicianos anarquistas, comunistas e socialistas na súa tendencia a practicar *paseos selectivos* de sospeitosos de posible colaboración cos sublevados (especial dureza tivo a persecución de eclesiásticos, o asasinato de presos das cárceres clandestinas ou checas de Madrid ou Barcelona e o asasinato masivo de presos políticos en Paracuellos do Xarama, simultáneo ó traslado do goberno a Valencia) o obxectivo era a *limpeza* de posibles traidores.
- No espazo sublevado, o propio exército decretou leis para dar cobertura a execucións (tras xuízos sumarísimos decidíase a execución de cargos políticos, sindicalistas, mestres, artistas, francmasóns e intelectuais, acusándoos de ter colaborado coa República e ser inimigos da sublevación) e favoreceu os *paseos* de miles de persoas en Andalucía, Extremadura, Castela e

Galicia realizadas sobre todo polos falanxistas, co obxectivo de asegurar a *limpeza* de posibles colaboradores co goberno republicano.

Ó longo da guerra continuaron os movementos de poboación:

- Na zona republicana reduciuse o temor ós paseos ó lograr o goberno un certo control sobre os milicianos pero producíronse envíos de nenos a países europeos ou americanos para protexelos da guerra (*nenos da guerra*) e represión dos procomunistas sobre os milicianos anarquistas e troskistas.
- Na zona sublevada, nos espazos arrebatados ó control da república continuouse coa estratexia dos xuízos sumarísimos con execución e dos paseos, provocando que moita xente preferira fuxir cara a Valencia, Barcelona ou o exilio.

Ó remate da guerra os vencidos tiveron que optar pola incerteza do exilio ou por arriscarse a certeza da represión no interior:

- Unha inmensa multitude de soldados e civís atravesou a fronteira de Cataluña cara ó exilio en Francia ... ó verse recluídos en campos de concentración unha parte dos exiliados optaron por regresar a España, algúns miles por buscar a posibilidade de mellorar a súa situación viaxando á URSS ou a países de latinoamérica e moitos apostaron por continuar a loita contra o fascismo alistándose no exército francés ou integrándose nos grupos de *maquis* da resistencia contra a ocupación nazi (coa esperanza de derrotar a Hitler e recibir despois axuda para derrotar a Franco).
- Un enorme número de persoas, no interior de España, entraron nos cárceres e en campos de concentración ou de traballos forzados, moitas outras permaneceron anos agachadas nas súas casas ou fuxidos polos montes ...

As cifras son moi confusas e tendenciosas, pero poderíamos falar de máis de cincocentas mil vítimas durante a guerra (mortos en combate e paseados), máis de trescentos mil exiliados e máis de cincuenta mil executados na posguerra.

Bastantes dos exiliados optaron por regresar a España co restablecemento do sistema democrático en 1978. Os paseados no espazo republicano foron rescatados polos novos gobernantes e entregados ós seus familiares para ser enterrados con dignidade mentres cos paseados nos espazos controlados polos sublevados permanecen, na súa maioría, aínda hoxe *desaparecidos* en enterramentos clandestinos, nos bordes dos camiños onde foron asasinados. Calcúlase que as vítimas da represión franquista foron aproximadamente 140.000 (85.000 durante a guerra e 45.000 na posguerra). Como dato a resaltar o historiador Malefakis apunta que por cada executado polo réxime de Mussolini Franco executou ao redor de 1.000 persoas.

### **B) Consecuencias económicas:**

A guerra agravou de xeito brutal as dificultades económicas que atravesaba España nos anos trinta:

- Imposibilitou a toma de decisións eficaces contra os efectos depresivos derivados da crise de 1929. Tardaríanse 20 anos en acadar o nivel produtivo de 1936.
- Implicou a destrución dos recursos económicos, destacando o deterioro gravísimo das infraestructuras e a forte caída da produción gandeira e agrícola... moita xente optou por abandonar as cidades ante a falta de postos de traballo e a escaseza de abastecemento de produtos alimenticios, tratando de sobrevivir instalándose no espazo rural.
- Impediu o cobro regular de impostos e incrementou o gasto público, provocando a ruína total da Facenda Pública (para cubrir o gasto en armamento o goberno republicano optou por esgotar as reservas de ouro do Banco de España e o goberno dos sublevados por endebedarse con Alemaña e Italia).

A posguerra será un período de profunda crise económica, miseria e fame.